

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

O Partido reanudou con grande éxito a campaña de mítines.

As verbas dos nosos propagandistas erguen tempestades de aprausos e calor afervoado.

O Partido Galeguista inzará Galicia enteira de ideas. Nova sementeira que xa comenza a dar froitos.

VERBAS DE CHUMBO

IX

Fai moitos anos chegou a esta cidade un empregado público. Procedía das terras verdes da Galicia; pero gostaba máis das terras quentes do sul. E como non pudo ir á Andalucía contentouse con Estremadura.

Era sentimental e namorado, e non tardou en prenderse nunhas reixas de ferro. Endoudecido de amor por uns ollos funerarios, de tan mouro e tristes. Axina se lle abriron as portas da casa e logrou sentarse na «camilla», arrentes da noiva. E despois de queimar no braseiro uns zapatos de charol decidiu casa e casouse.

Agora é un xubilado que lê o ABC e pasea o seu aburrimiento mortal pola ponte do Guadiana. Coas pernas arrastro e cun caravel na chaqueta.

Presentáronno, porque disque é galego, e hoxe tentoume o demo e pasear con él. ¡Qué de parvadas tiven que escoitarlle! Faloume das corridas de touros, da lotería, dos políticos galegos e do noxo que lle dán os cataláns. Dixome que non sabe como hai quen viva na nosa Terra con tanto chover e chover; aseguroume que o atraso dos nosos labregos débese a que non falan en español, etc., etc.

Eu sabía de moitos que libranos de quintas por seis mil réas e podían librar por parvos, como sei de moitos que chegan a ser xubilados pola idade e padecían de idiotismo conxénito cando se lles regalou a credencial. Sabía que os imbéciles máis fenomenais que pareu a nosa Terra andan ben vestidos, e que moitas veces chegan a Excelentísimos Señores polo rigoroso turismo de antigüidade. Cheguei a saber que algúns parvos de nacemento badián enfondados en cadeiras de Universidade. Eu sabía todo isto; pero sempre logrei fuxir de semellantes fenómenos. E hoxe caín en Badaxóz. ¡Quéno diría!

Os persoaxes parvos son idénticos no falar. Poseen a memoria dos loros, ou dos gramófonos, e a intelixencia dos monos. Levan a alma uniformada con adovios baratos. Viven espiritualmente «de gorra». Débenlle as ideas a calquera libro de texto e débenlle o señorío a calque a xastre. Gustan do casino de «caballeros», das terrazas do café e dos paseos de moda. Militan en partidos de dereita e soñan coa volta do pasado. Estarían mellor en Madrid que no mesmo Ceo. Son monecos parlantes de fabricación nacional. Están feitos en serie, por Real Orden publicada na «Gaceta».

Estes persoaxes obedecen á súa condición de parvos e odian o galeguismo, sen ter capacidade para comprendelo. Adoran o Estado unitario e centralista, (verbas máxicas capaces de facer parvear a moitos intelixentes). Creen que as autonomías rompen a unidade da súa patria, que é unha bolina que lle meteron na cabeza. Creen que falar castelán é falar ben e que falar galego é falar mal. Creen que os monárquicos son máis hespañoles que os republicanos. En resumo: creen todo canto creían os seus fabricantes.

A mentalidade dos señoritos parvos concorda coa mentalidade das señoritas cursis. Ambos a dous disimulan o acento nativo e fan o seu señorío na standardización dos modos e maneiras. Ambos a dous afinan o seu orgullo no traxe que levan posto. Viven en mundos tan arredados do noso que non debemos concederlles a categoría de adversarios.

Irmáns: Fuxide sempre dos parvos. Non vos arrimedes a eles, porque poden roubarvos algo da vosa razón e transmitirvos a súa parvada. Deixádeos pasear, falar, danzar e medrar no seu mundo. E se algún parvo chega a ser autoridade non mostredes asombro, porque son cousas do sistema que combatimos e dos tempos en que nos cadrou vivir.

CASTELAO.

PARA UN APROVEITADO

No «Faro de Vigo»—¿onde había de ser?—publicou o xoves derradeiro un artigo ése que din que é diputado por Pontevedra e que responde—cando non se trate de lle presentar unha factura—por Isidoro Millán.

Comenta a aparición do Manifesto de Dereita Galeguista e aproveita a ocasión para decir unha sarta de mentiras, de inconcebibles falsedades contra o Partido Galeguista achacándolle entre outras cousas o calificativo de separatista, marxista e ateo. Di ademais que en vísperas do movemento de Outono os galeguistas ofrecímonos en calidade de guerrilleiros, escamots e somatenistas de Companys.

Nunca quixemos facer caso das estupideces que con intención propia do autor anda a escribir o mais grande nemigo que os «ingleses» teñen en Pontevedra, no xornal vigués.

Mais o de agora non pode pasar sin que lle digamos ao «conocido» melquiadista—que é toda unha calificación—o que vén ao caso.

E decimosllo d-esta maneira clara, sinxela e categórica:

Minte descaradamente e tén un concepto ben pobre e ruín

da dinidade e do honor quen tén a avilantez de decir, sin probalas, semellante cantidade de canalladas.

¿Está claro?. Pois nada mais que eso.

E como final queremos rogar aos firmantes do Manifesto, que o lorito pontevedrés aproveitou para escribir o que escribiu, que vaian tomando nota dos efectos que o Manifesto anda a producir nos máis grandes nemigos que Galicia e o galeguismo tivo, tén e terá eternamente.

UNHA VISITA

Temos recibido a visita do noso querido irmán Luis Suárez D'agado, do grupo galeguista de Barcelona que é portador dun saúdo dos nosos irmáns da capital catalana.

Tamén o irmán Suárez trouxonos un cordial e emocionado saúdo de ex-presidente da Xeneralitat señor Companys e demais conselleiros que con él acaban de ser condenados polo Tribunal de Garantías.

O irmán Suárez falou na Carce Modelo cos Conselleiros cataláns os cales tiveron verbas de garimosa e cordial irmandade para o noso Partido que o irmán Suárez agradeceu.

Pola nosa parte non necesitamos decir canto nos tén emocionado esta lembranza a que sempre e mais aínda agora correspondemos coa lealdade propia da comunidade de pensamento no ideal.

Dereita Galeguista de Pontevedra

Pola prensa galega estase dando a conocer o Manifesto que DEREITA GALEGUISTA DE PONTEVEDRA vén de publicar.

N-este mesmo número e como proba de obxetividade publicámo-lo tamén, deixando para esta sección do boletín a sincera opinión que dito Manifesto nos merece.

No que atinge ao punto de vista da galegüidade dende logo parécenos ben. Como estamos conformes, asemade, coa maioría dos postulados que a xeito de programa contén o Manifesto. Especialmente nos que se refiren ao idioma, democracia, cooperativismo, republicanism etc, que gardan semellanza fonda co programa do Partido Galeguista.

O punto que poidéramos chamar neuráxico do programa de Dereita Galeguista é o que leva por título «Relixiosidade». Topámo-lo, francamente, ademais de pouco craro bastante contradictorio. Sabido é que este punto, no que o noso partido garda respecto acrisolado as opinións individuais dos afiliados, é, cecais, a causa principal da aparición do novo agrupamento polo arredamento de algúns irmáns—non chega a media ducia e todos de Pontevedra—na táctica que a maioría do Partido, ollando o intre político que Galicia, vive, impuxo nas dúas derradeiras asambleas.

Catro dos irmáns arredados firman o Manifesto e por ser así cabía agardar unha cousa mais concreta sin as vagedades que contén dito apartado. Coidamos que so-mentes para eso non paga a pena crear un novo partido.

O Manifesto, no seu remate, contén unha indicación especial de cordialidade para o Partido Galeguista. Agardabámola e correspondemos, lealmente, co mesmo desexo.

Coidamos que Dereita Galeguista tén unha gran laboura que realizar no campo dereitista galego incorporando ese sector a causa da galegüidade. Mais tamén, francamente, desconfiamos de que o conquirira na medida que fora de desexar e mais aínda co sacrificio que representa un arredamento—pequeno no número—das nosas ringleiras disciplinadas.

O galeguismo antes e despois de se artellar en partido político e moito antes de adoptar a directriz que hoxe ten, foi sempre ouxeto de ataque freneticamente cerril e incomprendivo, cando non de burla, por parte do campo ideolóxico e político onde Dereita Galeguista tén de actuar. As excepcións están xa no galeguismo. Tanto nas institucións de tipo cultural como no mesmo partido noso. E continúan.

Emporiso, ogallá a sorte acompañe ao novo partido e conquira facer o miragre. Convencendo aos que non están pois para atraguarse aos convencidos, comodamente situados hoxe por propia confesión, non coidamos que nascera Dereita Galeguista.

Saudamos con agrimo fondo ao novo agrupamento e desexámo-lle éxitos fortes e grandes—anque os mesmos comentarios da prensa de dereitas non os vaticinen—quelonxe de desartellar a unidade e firmeza do galeguismo o robusteza con novas aportacións que respondan a conduta de pureza e idealismo que o galeguismo tivo sempre como norte e guía.

COMENTARIO

Fame no agro e nos portos de mar

O fantasma da fame, auténtica e material, estase deixando sentir, cada vez con máis traxica intensidade nos nosos núcleos campesiños e mariñeiros. Nos fogares labregos, abafados de impostos e cada día con menos ingresos económicos, a situación é insosteníbel. O mesmo que nos mariñeiros. A falla do xiro d-América, enviado a costa de mil privacións, e lenitivo d-outras tantas que viña a remediar, únese agora a crisis do gando, a mais sensíbel por ser o único meio d-ingreso que lle quedaba as xentes do agro. Fai unhas semanas que nas feiras non se vende gando a ningún precio, e d-este fenómeno resíntese toda a nosa economía. O comercio sin vendas; os mariñeiros cuio único mercado consumidor estaba caseque reducido ao campo, vén o produto do seu traballo mal vendido unhas veces, e sin venda a ningún precio outras. As causas de todo isto posíbelmente sexan orixinadas da crisis xeral, mais o último toque de ruína, deronillo as dereitas que para goño e disgracia nosa imperan nos gobernos hespañoles, coa recente aprobación dos tratados uruguayo e argentino. Xa poden vir polo campo galego, que merecen seren ben recibidos polo a súa laboura a prol d-él. Ténsese dito que a fame do corpo e do espírito, impulsa aos homes a sacudir os seus xugos opresores, e nós coidamos que se isto poidese facerse en

Galicia, ficaríamos libres da nosa opresión logo, porque así non podemos seguir moito tempo, so pena de que n-esta Terra onde se traballa día e noite, onde non se coñocen xornadas de oito horas nin domingos, onde a xente fomenta e pouco menos que en coiro. ¿Por falla de capacidade económica e produtiva do chán? Non. Por falla de varilidade dos seus organismos, de moitos dos seus dirixentes, e tamén pola alma de escravos de parte do pobo para sacudirse d-unha tiranía noxenta, que non satisfeita con privarnos do cultivo do espírito racial, privounos tamén do dereito a comer pán, pan ganado co noso esforzo e co noso sudor, que hoxe vai a encherlles o bandullo a maragatos, a ricachóns d-outras terras, e aos que aquí comen o sangue e os hosos dos campesiños e mariñeiros, sin alma, sin conciencia e sin dignidade. ¿Cando será o día que a Terra dos Irmadiños desperte? ¿Cando o enque a fouce sirva mais que para cortar toxos? ¿Cando o que poidamos berrar que preferimos ser mortos que escravos?

Unha raza que non tén valor para defender o dereito a comer o pan que traballa, non tén dereito a vida. Y en Galicia hoxe, o noso pan cómeno extranxeiros, e indíxenas tan viles e despreziables coma eles.

XOHÁN A. SUAREZ.

Sada, Xunio 1935.

GROVE

Política emilianista

Os empregos da Toxa

Cando o Grupo Galeguista lanzou a publicidade do seu manifesto de constitución, decía nunha sintética exposición de motivos, o seguinte «e facer que estes (os veciños) estivesen amparados das zancadillas e dos atropellos que podían lanzarlles o caciquismo dos «frigos» que ao amparo da bandeira tricolor xuntanse nun Centro pra seguire gustando das gamas de total-as situacións e que reflexan no pelexo as urisacións do arco iris do tinglado politiquero». Razón de abondo tiñamos. Porque son tantos ises atropellos, son de tal volumen as inxusticias que se cometen, chegan a tan desenfadada altivez e cinismo o favoritismo e a parcialidade, todo eso por nos presentado, que o silencio non pode continuar un día mais sen faltare a nosa obriga de cidadáns e de políticos.

Por isa imperiosa necesidade de defender aos veciños e de denunciar canta anomalia se consuma pol-os gobernantes de vía estreita (pro de paredes outas); A NOSA TERRA abre total-as semanas ista sección que lle dará variedade ao noso semanario, e será o portavoz da xusticia, da razón, e da democracia.

A reo veñen cometendo os aitos mais despóticos e marcadamente tiránicos que se poden imaxinar. Consideran os postos de adeministradores da cousa pública con tal amplitude, con tal liberdade, con tal anarquía que fixeron d-eles un comité político, a gusto e medida dos seus afiliados e dos seus electores.

O seu sectarismo chega ao extremo, tal e a frescura, de involucrar-se en asuntos que extravasan da esfera oficial buscaudo sinecursas pra os amigos do «señorito». E nesa postura, n-esa dictatorial disposición, non alcontran inconveniente pra constituírse en comisión «oficial», formada polo presunto Alcalde e presuntos Concellales, e protestar diante do Gobernador d-unhas medidas que dentro da súa misión, e ao que ten perfecto dereito adoutou a Xerencia da Toxa. Iste coidou comenente renovar

o personal que, fora de prantilla e eventualmente, transitoriamente presta os seus servizos na temporada de vran. E iste acto perfectamente legal e lóxico, tomado por la S. A. da Toxa dentro do que e postestativo d-ela, enfurece aos radicales-emilianicos.

—¡Eso que se entende! ¿Como vai habere empregados que non sexan radicales?

¡¡Todo pra os radicales!! Por algo asistimos ao homenaxe ao Embaixador de México, e cantamos o tango ¡Que no se vaya! ¡Que no se vaya! Por algo nos «sacrificamos» aceptando os cargos sin a confianza popular, porque con ista ende-xamais os teríamos.

—Non podemos consentir, non podemos tolerar que haxa en todo o distrito un posto, un emprego, un «enchufe» que non sexa para un radical! «Allí donde haya un real, allí estará un radical».

Pero... ¿en que país estamos? ¿Deica donde vai chegar tanto cinismo e tanta osadía?

Si fan do Municipio que temos todos n-él unha misión que cumprir; que e un organismo de carácter público, con beneficio, dereitos e deberes comúns, e por conseguinte que a todos nos corresponde; si fan, digo, un Comité político, un monopolio emilianista, ¿con qué dereito protestan de iniciativas, e de aitos que realiza, dentro da lei, unha entidade particular?

¿Con qué dinidade, con qué títulos, con qué moralidade poden solicitar, poden reclamar a favor de nadie, dereitos que iles negan, que iles conculcan, que iles pisotean aos demais


Pero... ¿donde estamos?

Si tés paciencia querido leitor, na semán próxima lembraremos moitas cousas, e moitos casos que parecen esquecidos.

E n-estes dias vai meditando e non te esquezas que: «Con la Toxa hemos topado amigo Sancho».—

XACOB O BARRAL OTERO.

Grove 11-6-35.



Aitividades do Partido

NA CRUÑA

Unha conferencia de Plácido R. Castro

No local da Agrupación Republicana Femenina pronunciou o noso irmán Plácido R. Castro unha notabel conferencia encol do tema «Galicia ideal».

Presentou ao conferenciante a presidenta da Agrupación nosa irmá, Amparo L. Jeán en verbas elocuentes e afervoadas da galeguidade.

Plácido R. Castro contrastou o estado aital de Galicia no orde espiritual e material, co que sería baixo un réximen que lle permitise desenvolver as súas posibilidades de todo orde.

Expuso o criterio que do porvir de Galicia teñen os galegos que se preocupan dos seus problemas e das súas solucións facendo algunhas consideracións encol da liberdade das nacionalidades no resto do mundo.

Fixo referencia a varios puntos do programa galeguista nos que se conteñen axeitadas solucións para os problemas nosos e rematou con un chamamento a prol da preocupación por Galicia dende todol-os campos políticos onde se milite.

A conferencia foi fortemente apraudida e o irmán Castro, que amostrou unha vegada mais a súa cultura fonda, recibeu moitas felicitacións.

Consello do Partido

Os grupos da zona de Ourense desafiaron como Conselleiros para o ano 1935 aos irmáns Ramón Otero Pedrayo, propietario e Xosé A. Varela, suprente.

Fallan por facer as desafiacións os grupos das zonas de Vigo, e Viveiro, aos cales pregámoslles fagan axiña os nomeamentos.

Correspondencia administrativa

M. Bergueiro. MIERES.—Recibida a súa carta e xiro de pesetas 3 para pago de seis meses de suscripción deica fin Outono.

Florencio Delgado. VALDEORRAS.—Recibido xiro de pesetas 9'50 do resto dos recibos. Moitas gracias.

Xermán Vázquez. MONFORTE.—Recibido o xiro de pesetas 12'50 importe dos recibos pendentes de cobro. Conformes e gracias.

Vda. de Pío S. Carrasco

(CASA FUNDADA NO 1894)

Axente Comercial de Aduanas Colexiado
FLETAMENTOS,
CONSIGNACIÓNS,
TRÁNSITOS.

VILAGARCIA

TELEGRAMAS: CARRASCO
APARTAMENTO NÚM. 3

IMPERMEABILIZANTES VATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE
NAS CONSTRUCCIONS

Mais de CINCOENTA anos de experiencia no saneamento de construcións e impermeabilización das mais importantes obras hidráulicas.

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALIZA

Pida detalles e foletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeral pra Galiza:

Porta da Pena, 6. - SANTIAGO

(Ven da páxina tres)

V.-Remate

Fican sinaladas as liñas xerás do proxeito. Coido que con claridade d-abondo e coa extensión que permite o espacio de que dispoño.

Pra que a idea fiqua completa, péceme que xa non falla máis que indicar, a maneira de remate ou engádegas, que o seu desenrolo total había requirir o seguinte cadro de preceitos ou disposicións normativas:

A) A Lei fiscal galega, na que se defínese a contribución única, suxeto e oxeto contribuinte, escalas de tributación e normas para as aplicares, inspección e penalidades aos ocultadores e defraudadores.

B) A Lei da Administración galega, no que se recollen e ampliásen as liñas xerás de reorganización que fican expostas.

C) Os reglamentos que desenrolan unha e outra en todol-os seus detalles precisos, pra deixar ás referidas Leis o marxe de elasticidade que toda lei precisa, especialmente cando representan unha tan fonda transformación de sistemas aituás.

Compre advertir que a Lei de Administración, igual que o respetivo Regulamento, habían ter amplitude que, excedendo do aspecto fiscal da Administración galega a que se refire concretamente iste traballo, se ocupase de regular a administración toda nos seus múltiples aspectos.

Cecais iste tema seña oxeto de outro traballo especialmente adicado a ela, que ben o merez.

Propaganda Galeguista

O derradeiro domingo, como tiñamos anunciado, o Partido tería de celebrar varios mitins na provincia de Lugo continuando a xeira tan ben comenzada.

Non poideron facerse. A derradeira hora o Goberno prohibiu toda propaganda.

Para mañan tamén, en Lugo e na Cruña estaban preparados varios aitos que tampouco poderán facerse.

Unha vegada mais, e xá ván unhas cantas nos meses pasados, o Partido vese imposibilitado materialmente de se poñer en contaito coa opinión da nosa terra.

Quén manda, manda. Así que non fica outro remedio que tolerar esta nova imposición.

Emporiso, os nosos grupos deben estar sempre vixiantes e non desmaiar na labouira. Como sexa. E matinar na preparación de aitos, que isto non ha de ser eterno, para reanudar a campaña con toda enerxía e continuidade cando de Madri o permitan.

Estas dificultades non conquerrán, no que atingue ao galeguismo, mais que alporizar o noso ánimo e dispoñelo a traballar como sexa polo espallamento das nosas ideas.

Animo e adiante.

SI QUEREDES

XANTAR BEN

IDEA

CASA PEPE

Dr. Cadaval, 13 VIGO

Encol do noso teatro

Na Seición «Aitividades do Partido» do derradeiro número de A NOSA TERRA, reparei n'unha chamada as Mocidades do Partido e os mozos galeguistas encol da Constitución de Cadros de Declamación, para dar a coñecer as obras teatraes de ambiente galeguista.

Pareceume tan axeitada para propaganda dos nosos ideaes a proposta, e tanto me entusiasinou, que pensei non lles sería difíceles aos mais importantes Grupos do Partido o formaren cada un o seu cadro, que unha vez ben ensaiado e compenetrado, poidera sair por todas as vilas e aldeas da nosa Patria, dando representación de todas aquelas obras escritas na nosa língoa de ambiente apropiado a loita, a sin como as culturais e recreativas.

Estes cadros, por maor dos gastos, terían reducido o seu radio de acción a Provincia ou comarca de donde fose o Grupo de que forman parte, e deberían ser acompañados nas súas saídas por conferenciante e propagandistas, que deste modo atoparían sempre un auditorio mais numeroso e cicais mellor predisposto, para asimilar no pensamento e no corazón as nosas patrióticas arelas.

Refirome eu por tanto aos beneficios que para nosa SANTA causa conseguiríamos inmediatamente e por en práctica esta idea, e deixo xa a non menos intresante cal sería a difusión do noso teatro e o coñecimento dos nosos valores que se adican a éste xénero literario.

Concéddolle tan grande importancia a realización desta idea que teño por seguro que por moi grandes sacrificios que houbera menester nos serían pronta e largamente compensados polo noso pobo bó e xeneroso.

¡Irmáns! Todos aqueles que teñades capacidade para ésta empresa ¡A TRABALLAR POR GALIZA!

UN MOZO GALEGUISTA.

Vigo.

Follas Novas

Alalá. Bós Aires.—Recibimos o primeiro número desta revista mensual publicación da Coral «Os Rumorosos».

«Alalá» bén escrita casi na súa totalidade en galego contendo orixinaes intresantes de bóns amigos nosos que na Arxentina adican aituación intensa as manifestacións da galeguidade.

Lémbranos moito aquela desposeída revista «Céltiga» que tanto fixo a prol do erguemento galeguista en Bos Aires e contribuiu fortemente ao espallamento da cultura ga ega.

«Alalá» vai ademais a aumentar o xá longo número de publicacións galegas e galeguistas que publican os nosos irmáns de Bós Aires.

Non necesitamos decir canto nos aledon o seu recibo e con que fonda sinceridade desexámoslle longa vida.

IRMANS: Cando queirades ter unha festa propia d'a Terra, non deixédes de chamar os Gaiteiros

"OS DEZAS"

de Lalín-Moneixas (Pontevedra)
CANTO PROPIO.

PAREXAS DE BAILE.

CADRO DE DECLAMACION

Os Galeguistas pararán en Sant-Iago no

"Hotel Europa"

DE RAMON MORANDEIRA

Boletín de difusión de A NOSA TERRA

Reproducimos novamente o Boletín de Difusión de A NOSA TERRA idea do irmán Beiras que denantes da suspensión do semanario acadara un grande éxito para a súa extensión.

Ao facelo, novamente agardamos que tamén agora acade o mesmo éxito que ademais de ser unha axuda económica siñifica a un doado xeito de extender as ideas galeguistas.

Boletín pra difusión de A NOSA TERRA

D. remite por xiro postal (ou en selos de correo) (1) a cantidade de . . . pesetas, importe da suscripción a favor das persoas cujos nomes e direccións van ao pé, é as que o Semanario será remitido directamente pol-a Administración.

D. Dirección.
D. Id.
D. Id.

(1) Táchese o medio de remesa que se non utilice.

Para os Grupos da Zona Estrada-Lalín

Todol-os grupos galeguistas das comarcas de Estrada, Deza, Trasdeza e Ulla deben poñerse sobre aviso para comenar a xeira de propaganda e organización anunciada en A NOSA TERRA.

Namentras non se celebre compre que os directivos convoquen xuntanzas preguntando aos grupos a súa maneira de pensar encol do plán por min trazado e de preparar o ambiente do país do xeito franco, leal e aberto que nos caracteriza.

Facelle ver aos campesiños e traballadores das vilas non quén somos sinón que son eles e onde viven; ensinárlles que a súa terra rica e farturera serve para os facer excravos cando poidera servir para lles dar unha vida con ilusións, con poesía e con pan. Levar a súa conciencia o noso programa que non e inventado de hoxe para mañán sinón ergueito na ciencia da Economía e da Política e cimentado na realidade de Galicia.

Que non imos a verificar unha experiencia sinón a seguir un camiño que outras nacionalidades europeas remataron con éxito e sobor todo meterlles no corazón o convencimento de que en todal-as horas e mais aínda nas presentes, Galicia a súa nai chama por todol-os fillos porque se oílla aldraxada pois un goberno de fora quere donarlle a fame en troques da súa persoalidade.

¡Animo irmáns, que Galicia percísanos! Non desmaiemos que como di un galeguista de Abades, non somentes facemos moito bén sinón que evitamos moito mal.

Requiro a todol-os presidentes dos grupos das comarcas citadas para que me deian a súa opinión encol do día e sitio onde terá lugar a xuntanza.

RAMÓN DE VALENZUELA.

Conselleiro da zona.

Medio aniversario d-un deserto

Traducimos de «Ser», semanario republicán de Santiago.

«Cúmpríronse seis meses da expulsión de Galicia de Castela e Bóveda. Aló están, xá vai para un ano, roendo a amargura d-unha emigración en terra allea, coméndose a indinación de voltar a ver o bolanegrismo dono o señor da Terra.

Pero están aló espiritualmente mais dinos, mais ergueitos que nunca. Están aló para a súa gloria e para a nosa honra. A Galicia cidadán e varil sálvase porque aínda hai homes que botándose a espalda todol-os sacrificios son capaces de levar Hespaña adiante ése xesto de non sometidos.

Saúde, irmáns. Dende ésta charca onde voltaron a croar todal-as rras vos ollamos con admiración e con envexa».

Gran Fábrica de Cervezas

A BARXA

TIPOS:

DOURADA

MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DEMIS E LABOURAR POL-O ENGRANDECIMENTO D'A NOSA TERRA.

VALENTIN PAZ-ANDRADE
Abogado
Vigo

MANOEL GÓMEZ ROMÁN
Arquiteito
Vigo

ANTÓN PINTOS MIGUEZ
Consulta de 12 a 1 e de 4 a 6
Baión

XERARDO ALVAREZ GALLEGO
Abogado e Procurador
Vigo

COLEXIO LEON XIII
VILAGARCIA

DR. AMANCIO CAAMAÑO
Sanatorio Quirúrgico
Pontevedra

R. GONZALEZ PASTORIZA
Abogado
Vigo

FRANCISCO Barreiro Salaño
Perito Agrícola
Santiago

Problemas galegos

Proieito de transformación do sistema fiscal galego

Cumplo hoxe a promesa de traer ás columnas de A NOSA TERRA, un proieito de transformación do sistema fiscal galego.

O mesmo que no traballo publicado anteriormente sobre reforma do réxime local (i'en cantos han ir pasando por esta 3.ª páxina do noso semanario, con mentes de que poidan servir de ponencias a discutir na nosa V Asambrea) pártase n'iste proieito do susposto de unha Galicia autónoma.

Coido que o traballo non require máis advertencias que a de ser un esquema sintético do proieito que, con todol'os anexos e desenrols precisos, teño dende hai tempo preparado sobre diste tema.

As dal'os a coñecer eiq'í, guíame somentes o propósito que expusen cando foi publicado o traballo do irmán F. L. C. sobre necesidade de reformar o réxime local galego: Aguilloar a todos...

Compre que un e outro sirxan de estímulos a cantos irmáns poden aportar tamén o froito dos seus estudos sobre os difrentes problemas básicos que un réxime de autonomía ten a misión de resolver na nosa Terra.

Está claro que aludimos polo pronto aos irmáns Otero Pedrayo, Gómez Román, Picallo Núñez Búa, Alvarez Gallego, Peña Rey, Xil Carballeira, e a todos aqueles aos que, con motivo da ponencia do irmán Obella, foron asignados temas concretos para a súa debida realización. Mais na chamada están comprendidos tamén cantos queiran sumarse a iste patriótica labourea de reconstrucción galega.

As columnas de A NOSA TERRA agardan a colaboración e o esforzar de todos. Porque ningunha aportación sobra, e todas, por modestas que sexan, han ter algún valor e ideas aproveitables.

¡Adiante, pois!

ALEXANDRO BÓVEDA.

Puerto Real (Cádiz), maio do 1935.

I.-O sistema actual

Os seus elementos

O sistema fiscal que na actualidade rixe na Galicia está integrada por unha serie longuíssima de contribucións, impostos, arbitrios, etc., que, atendendo á entidade pública que ten facultade para os impoñer e os recaudar, podemos clasificar n-istes tres grupos:

- impostos e contribucións do Estado.
- Idem das Diputacións.
- impostos e arbitrios dos Concellos.

Incomementes

Son moitísimos os que o sistema actual presenta.

Como a maor parte d-istes impostos, contribucións e arbitrios, son dos chamados indirectos, cantos incomementes sinalei pra estes no pequeno traballo que en col dos mesmos publiquei n-un número anterior, é claro que poden aplicarse a semade ao sistema.

Se a iso engadimos o feito de que señan tres a entidades que simultaneamente os impoñen e recaudan, coa conseguinte triplicidade de oficinas, de documentos e de gastos, poderíamos resumir así as deficiencias fáciles de ollar no envellecido e anárquico sistema actual:

- E inxusto e anticentífico, pola importancia que n-il teñen os impostos indirectos.
- A simultaneidade de orgaismos xestores orixina triplicidade de oficinas, de documentos e de gastos de xestión.
- Non se olla no sistema actual un intento serio de imposición única sobre o capital e a renda.

A súa transcendencia

Os incomementes que deixamos apuntados teñen en varios ordes da vida moita máis transcendencia da que n-un primeiro ollar poidera parecer.

No orde económico-social, perturbaban as transaccións e o normal desenrol da nosa pobre industria, impedindo en moitos casos novos intentos industriais.

No orde político, a facultade impositiva case ao arbitrio caciquil e a función recaudatoria tamén en moitos casos ao seu servizo, tradúcense n-unha arma de castro cidadana cujos funestos froitos se teñen deixado sentir sempre na nosa Terra.

Derradeiramente, o coste exorbitante e a imperfección de tales servizos producen á nosa economía danos cuio importe sería difícil cifrar polo seu enorme volume.

E, por se todo isto fose pouco, o arrendo a compañías e particulares dos servizos recaudatorios é fonte de rendimentos (obtidos en gran parte a conta das miserables retribucións a un personal auxiliar, traballador e dino de mellor sorte, que son unha constante tentación á inmoralidade) que poden e deben revertir á colectividade con fins diversos de carácter social.

Necesidades d-unha reforma

Abonda co que deixo dito pra comprender que o actual sistema fiscal galego demanda unha radical reforma.

Coido que non compre insistir n-iste extremo, porque constitúe aspiración unánime; sen máis discrepancia que a moi humana e natural dos privilexiados e dos intruses aos que a reforma había lóxicamente de perxudicar.

Nós nin podemos nin debemos ter vacilacións n-iste punto, porque o Galeguismo, que aspira ao ben de todol-os galegos, ten de decidirse con firmeza polo da maoria cando pequenos intruses e privilexios de grupo poidan estar en contraposición co-il.

II.-As bases da reforma

Despóis do que fica exposto, é fácil comprender cales son as bases que eu estimo que deben inspirar a transformación ou reforma que propoño. Habían ser as seguintes:

Imposto único

Todol-os impostos que o Estado transferise a Galicia pra cubrir o importe dos servizos traspassados por virtude do Estatuto, mais os que na actualidade cobran as Diputacións e Concellos (cédulas, repartimentos, arbitrios) serían refundidos n-un imposto único.

Desaparecería así a multiplicidade de recibos e documentos cobratorios, contra da que tanto ven clamando inútilmente o sufr do contribuinte galego.

As Diputacións e os Concellos aituás (ou os orgaismos que os substituisen no novo réxime local galego que a autonomía ha procurar con urxencia) outerían as cantidades precisas pra facer fronte a súas atencións en forma de participación nas cuotas establecidas pola Administración galega, ou en forma de recargo único sobre das mesmas, cobrado conxuntamente, que poderían aumentar ou disminuir conforme ás súas necesidades.

Xestión única

Os servizos que por triplicado teñen establecido na actualidade o Estado (na parte que se transfira a Galicia), as Diputacións e os Concellos serían refundidos n-unha Administración única, que dependería da Xunta de Galicia.

Desaparecería así a triplicidade de oficinas con todol-os gastos e incomementes que elo representa.

Xusticia social

Pra que o imposto único cumplise a fonda misión social que está chamado a realizar había ser xusto. É decir respondería á idea de *progresionalidade* gravando os capitales ou as rendas, según os casos.

As escalas progresivas de capitais improductivos serían mais fortes que as de rendas de capital e de traballo, perfeccionando as normas que rixen a contribución do Estado chamadas de «utilidades» e da «renta».

Nas rendas de traballo tenderíase a declarar esceituada para cada contribuinte a cantidade precisa pra a subsistencia da familia.

Cada familia sería considerada como un só contribuinte aos efectos de tributación do cabeza da mesma, atribuíndolle a suma das rendas de todol-os seus familiares, sin perxucio de lle deducir da cuota resultante as que aqueles pagasen por retención

direita no caso de seren funcionarios ou n-outros semellantes.

Modernización da Administración galega

A orgaización da Administración galega tería que apartarse grandemente das normas que regulan a do Estado, que é anticuada, defectuosa e moi lenta.

Ao meu xuício, debe tenderse a unha administración de tipo bancario, na que se supriman ise serie interminable de trámites e rexistros intermedios innecesarios en moitos casos produto d-un sistema baseado na desconfianza; mais que non por iso dispón de mellores medios de control, apesar da perda enorme de tempo e de traballo que representa.

Supresión dos arrendos de contribucións

Por todas-as razóns apuntadas ao falar dos incomementes e consecuencias do sistema actual, a función recaudatoria sería efeituada pola Administración galega, sin que en ningún caso poidese arrendarse a entidades privadas nin a particulares.

Banco de Galicia

Co fin de facilitar os Servizos Recaudatorios e de Caixa da Administración galega, así como para socializar os rendimentos que a mobilización do numerario que representan pode producir —e de feito produce aos aituás arrendatarios—, e tamén pra establecer unha extensa i-eficaz rede de creto marieiro, agrícola, industrial e mercantil, sería da máisima comenencia a creación d-un Banco galego, dirixido e avalado pol-a Xunta de Galicia, que podería ademais absorber outros servizos de saneado rendimento —como habilitacións, etc.— e sería a peza clave da orgaización fiscal e financeira de Galicia, como despóis se verá.

Libreta de contribuinte

Como se vé, total-as bases da Reforma proposta teñen un marcado senso social. Pra que a intención que a inspira ficase conquerida na súa integridade, as bases anteriores habían completarse establecendo a que poidera chamarse libreta de contribuinte.

Sería ista unha especie de libreta de aforro, que abrirían as Seicións respetivas do Banco de Galicia, por medio da que cantos contribuintes a solicitasen poderían ir abonando as súas cuotas contributivas fraicionadamente, abonándose selles intrés especial sobre das cantidades anticipadas. En circunstancias especiais, o Banco podería facilitar as cantidades necesarias pra cubrir a totalidade das cuotas c-un interés pequeno que evitase os enormes gastos de apremio (mais do 20 por 100 na maoría dos casos) a que na actualidade están suxetos os que non poden satisfacelas dentro dos prazos sinalados.

E decir que o fisco galego non sería —como ven sendo o do Estado, por estar en mans de xentes que só procuran o seu negocio— o verdugo das nosas sufridas e humildes clases productoras, senón o xestor cheo de humanidade dos intruses públicos.

III.-Realización gradual

Ténsese falado tanto das dificultades case insuperables do establecemento d-un imposto único que haberá quen pense que o sistema que propoño no é realizable, precisamente nos seus puntos fundamentais.

Sen a pretensión de ter descuberto a pedra filosofal da ciencia fiscal, coido que non hai tal, e que, ao menos en Galicia, o problema pode abordarse con éxito e sen trastornos nin grandes dificultades, co seguinte plan de realización gradual:

Recibo único

Ningún terá a pretensión de perturbar toda a vida fiscal (i-económica, por conseguinte) de Galicia, lanzándose, ledamente e sen meditación, a decretar d-un plumazo a reforma proposta. Ten de realizarse en varias fases.

Sería a primeira a de dispoñer que todol-os cuotas que por difrentes conceptos paga cada contribuinte se refundisen n-un recibo único, debidamente especificado, cobrado pola Administración única da Xunta de Galicia, a que, en sistema de transición, abriría conta a favor das Corporacións participes polas cuotas e recargos percibidos en nome das mesmas.

Ista primeira fase requerería, conseguintemente, que os documentos cobratorios de todas isas contribucións,

reparto, etc, fosen confeccionados polas oficinas da Administración galega, que os resumiría n'un soio, no que, por meio de columnas, se especificarían os difrentes conceptos de tributación e figurarían os contribuintes por onde alfabético de apellidos dentro de cada localidade.

Estimo que non haberá ninguén, coñedor do actual sistema administrativo, que dubide das posibilidades de realización d'ista primeira fase do noso plan. Permitiría incluso aforrar moito tempo e moito traballo inútil, sobre todo se ao servizo se aplicase calquera dos modernos e sinxelos métodos de mecanización.

Ficheiro de contribuintes

Simultaneamente coa tarefa anterior—á que serviría de base—acometeríase a formación de un ficheiro de contribuintes, no que cada un d'istes terían unha ficha individual.

Perseguiríase co-iste ficheiro dúas finalidades: 1.ª) preparación da fase transitoria antes exposta, e 2.ª) preparación do establecemento da contribución única. Pra ambos fins, cada ficha constaría de dúas partes.

A primeira recollería (tomados dos aituás documentos cobratorios) as difrentes cuotas que paga cada contribuinte. D'ista primeira parte das fichas, saírían mecánicamente—evitando así o traballo material abrumador e os innumerables erros do sistema actual—o documento cobratorio único, as listas cobratorias e o recibo único.

A segunda parte da ficha serviría pra anotar o capital e as rendas que por todas cras de conceptos disfruta cada contribuinte, asegún resultase das declaracións que todos eles serían invitados a formular e da investigación que a Administración galega se reservase o dereito de practicar—coas conseguintes multas aos ocultadores—de xeito semellante ao que o Estado ten establecido para a contribución chamada de «utilidades».

Confeccionada a primeira parte (na que figurarían xa os datos de rústica e urbana, cédulas, repartimentos veciñais, etc), o traballo preciso pra confeccionar a segunda ficaría grandemente simplificado. Non e, pois, exceso de optimismo nin aventura supoñer que no termo d'un ano—plazo de duración da fase transaccional exposta—estaría todo preparado pra acometer a fase definitiva de implantación do imposto único.

Cuota mínima

Non esquezno que ista segunda fase inda plantea outro problema complicado: a confección das escalas de tributación, cuio cálculo e asunto delicado.

O problema ofrecería dificultade se, conformándonos con un sistema tributativo de cuota proporcional, recurrisemos ao método de derrama ou prorrata que o Estado ten establecido para a riqueza territorial non catastrada e que rixe tamén nos aituás repartos veciñais. A Xunta Galega fixaría a cantidade que en substitución de todal-as contribucións suprimidas había recaudar e fan'a a prorrata ao tipo que resultase tendo en conta a riqueza ou a renda que arroxase a totalidade do ficheiro.

Máis como deixo establecido na primeira das bases da reforma que o imposto único proposta—pra ser socialmente xusto—debe gravar con escalas progresivas o capital ou a renda líquida, según os casos, resulta claro que aquí procedemento—que ademais por antigoadade está sendo desbotado polo Estado—non debe nin pode ser aplicado. Entón xurde o problema de confección das escalas progresivas de tributación. Un error de cálculos prolería dar lugar: ou a un gravamen que excedese as necesidades públicas galegas, ou, pola contra, a un gravamen inferior ao que se precisa pra cubri'as, motivándose un déficit que a Administración galega tería de cubrir recurriendo ao creto.

Co fin de evitar iste segundo incomemento, para o segundo ano do plan proposto (primeiro da segunda fase do mesmo) rexiría como cuota mínima a da fase anterior, exceito nos casos en que a pertinente investigación solicitada polo contribuinte demostrase a evidente inxusticia e improcedencia do gravamen.

IV.—A orgaización fiscal

Entendo que non hai outra maneira eficaz de orgaizal'a Administración fiscal galega que a que, en liñas xerás, apuntou o irmán F. L. C. no seu traballo en col da Reforma do noso réxime local.

Faremos eiq'í o seu desenrol na parte que atinge ao problema que nos ocupa, non sen deixar albiscar o engranaxe sinxelo que había ter cos demais aspectos da Administración galega.

Oficinas centrás

Iste punto supón a resolución d'un problema previo: ¿cál había ser a estrutura da Xunta de Galiza?

Sen prexuzgal'lo pode afirmarse sen medo a se trabucar que—calquera que a tal estrutura seña—n'ela haberá necesariamente un Departamento que teña ao seu cárrego canto atingue ás finanzas galegas.

Pois ben: n'ise Departamento encadan, sen ningunha dúbida, todol'os servizos de que n'iste traballo se trata. As oficinas centrás encargadas dos mesmos serían:

Unha dirección de Administración fiscal, para canto atingue á confección de documentos cobratorios, tipos impositivos e lexislación fiscal en todol-os seus aspectos.

Unha Intervención xeral, para canto se refire a contabilidade, fiscalización estadísticas e control.

A Dirección do Banco de Galiza, que, no onde fiscal, tería ao seu cárrego os servizos de Recaudación e Caixa.

Cada unha d'istas oficinas centrás disporía dos negociados e persoal estrictamente necesarios pra desempeñar as fraccións asesoras, directoras e de resumo de datos numéricos que a cada unha lle fican sinalados.

Oficinas comarcás

Fica dito xa, ao tratar das Bases d'ista reforma, que a xestión había ser única, refundindo n'unha soia Oficina en cada comarca natural os servizos fiscais que a Galiza transferise o Estado, os das Diputacións e os dos Concellos.

Chegaríamos así, como fica sinalado tamén, ao documento cobratorio e o recibo único e á desaparición da triplicidade de oficinas que pra os servizos ficas existisen na actualidade. Coa supresión dos enormes gastos e incomementes que elo representa.

Cada unha d'isas oficinas, situada no hogar máis céntrico da respectiva comarca, tería aos seus cárregos as funcións seguintes:

- Confección do documento cobratorio único e recibos.
- Cobranza.
- Outros servizos administrativos (estadísticas, quintas, etc).
- Delegación do Banco de Galiza. A estrutura interna d'istas oficinas podería ser moi sinxela. Un xefe, a cujas ordes—sen a complicación de rexistos intermedios—funcionasen as seicións seguintes:
 - Segredaría, administración e arquivado.
 - Intervención, con responsabilidade mancomunada co xefe ou director e conseguintes funcións censoras.
 - Caixa e recaudación.
 - Outros servizos, cando fose mester.

A instalación sería de tipo sinxelo e rigurosamente bancario: n-unha planta só, dando total-as fiestras dos difrentes servizos a unha sala única, pra que o público poidese ser atendido e despachado sen necesidade dos rodeos e voltas que requiren as detestables oficinas aituás.

Mecanización de servizos

A técnica administrativa conta hoxe con métodos mecanizados para a mór parte dos servizos aferidos ás oficinas de que nos ocupamos.

Polo pronto, está probada a eficacia, comenencia i-economía dos seguintes:

- confección simultánea de documentos e listas cobratorias, recibos correspondentes, relacións de Caixa, etc.
 - servicio completo de aforro.
 - idem de seguro social.
 - redacción simultánea de libros de aitas e traslados de acordos.
 - sumadoras e calculadoras.
- O mantaxe d-istes equipos mecanizados e moito máis sinxela i-económico do que n-un primeiro ollar poidera parecer. A rapidez, perfección, economía de traballo i-evitación de erros costosos e molestos son inapreciables.

Unha Administración galega que arela ser moderna, barata, sinxela i-eficaz, non pode prescindir d-iles.

(Rematá na páxina segunda)

Redacción - Administración:
Rúa de Tetuán, 2-1.º - Pontevedra
SUSCRICIÓN: 3 pesetas se- nes-
tre. Pago adelantado.
Número solto: 10 cts.

A nosa terra

SEMANARIO DO PARTIDO GALEGUISTA

Ano XIX Galiza, 15 de Xunio do 1935 Núm. 370

Declaración de principios do P. G.

- I. Galicia, unidade cultural.
- II. Galicia, pobo autónomo.
- III. Galicia, comunidade coope-
rativa.
- IV. Galicia, célula de univesa-
lidade.

Dereita Galeguista de Pontevedra

O anuncio da reforma constitu-
cional e a situación política cread. ca
suspensión do Estatuto catalán, dan
seguraza de que nun prazo non lon-
xano terá de prantearse diante o país
a cuestión das autonomías rexionaes.
E ocorre, en singular contraste cos
outros pobos hispánicos, que os parti-
dos políticos de dereitas galegos se
mostran hostiles ou cando menos
cheos de receos cando se trata de pe-
dir pra Galicia o mesmo réxime de li-
bertade que se outorgue a Cataluña
i-as provincias bascas.

GALEGUISMO

Diremos, sin eufemismos, que non
somos sinxelamente «rexionalistas».
A autonomía que pedimos se non basa
soio nunha diferenciación de condi-
cións xeográficas que requira medidas
especiais pra o desenvolvemento econó-
mico. Defendemos a como corrolario da dife-
renciación étnica do pobo galego que
conserva a súa estabilidade no medio
rural. É necesario que teña amplitude da-
bondo estimular a vida de unha
cultura particular, e arelamos que se
nos deixe establecer a xerarquía dos
valores sociais e ter un sentido da
vida axeitado ao proceso histórico da
nosa cultura.

A escisión vertical do Estado, a dis-
tribución do poder político entre os
grupos profesionáes que ollan os pro-
blemas dende un punto predomina-
ntemente económico, opoñemos a exis-
tencia dos grupos étnicos con com-
prensión do problema total da vida
humán, co alicerce da Historia, co
exaltación dos valores moraes e co
dereito incontrovertible a rexir con li-
bertade a súa vida interna dentro das
normas xeraes, produto tamén de
outro proceso histórico que política-
mente culmina e se concreta na Con-
stitución do Estado.

O NOSO IDIOMA

O idioma de un pobo non é somen-
tes o condutor da súa cultura: é tamén
o seu expoñente e un factor da súa
creación. Coñecer un idioma é
asimilarse o complexo de ideas e sen-
timentos que forman a trama dunha
cultura. Tense dito que toda lingua é
un tempo que conserva como unha
reliquia a i-alma dos que a falan. Si
queremos manter ca i-alma de Galicia
a nosa propia orixinalidade persoal,
temos que defender o seu idioma. Aos
filólogos, literatos e poetas, sempre
traballalo e desenvólvelo pra que
aqueza de cheo as necesidades de ex-
presión da nosa cultura; mais ás orga-
nizacións políticas compete chamar
pra Galicia o dereito a regular o uso
do seu idioma na súa vida interna e a
non consentir sin protesta que no noso
medio rural, na escola costeada con
fondos públicos, se omite o ensino
da lingua materna nin se prescindida
dela como medio adecuado pra a
transmisión de conocimientos ós ne-
nos.

RELIXIOSIDADE

O respecto a creencia relixiosa e á
práctica do seu culto é postulado da
libertade individual de conciencia, é
socialmente un elemento de integra-
ción política. Consideramos a defensa
dos valores espirituales do noso pobo
vinculada á defensa do espírito cris-
tián que os informa. Sostemos o de-
reito a profesar, practicar, i-ensinar
públicamente a Relixión Católica. Co-
mo creentes e como galegos non soio
nos opoemos a descristianización de
Galicia, senón que intentaremos levar
á vida intelectual e á vida legislativa
solucións cristiáns. Exaltando o valor
da xerarquía eclesiásticas na vida do
nosso pobo, non dudaríamos en des-
tinar fondos públicos, cando a Con-
stitución do Estado o permita, a mel-
lorar as institucións formadoras do cre-
ro, pra que poida de cheo cumprir a
súa misión moralizadora i-evanxélica.

NIN MARXISMO NIN FAS- CISMO. DEMOCRACIA

O marxismo que se basa na inter-

pretación materialista da historia e na
loita de clases, aspira a dexenera-
ción das culturas nun internacionalis-
mo con idioma único e cultura prole-
taria única, é incompatible co noso
concepto do galeguismo que afirma a
preponderancia dos factores moraes
no proceso histórico dos pobos e do
desenvolvemento paralelo e progresivo das
diversas culturas que se integran sin
se destruír. Galeguismo e marxismo
son pra nós irconciliables.

Ainda sin esta oposición doutrinal,
Galicia non ofrece as condicións que
unha política marxista eixeixe porque
eiquí o proceso histórico camiñou no
senso inverso a concentración capita-
lista, e porque o marxismo nas súas
experiencias históricas tense mostra-
do como nemigo do pequeno propie-
tario rural, crás que constituí o nervio
da vida social galega.

A concepción cristián do home, o
respeito a súa personalidade moral e o
cumprimento dos fins individuais, a
subordinación da organización política
á libertade, opoñense a concepción do
Estado fascista que absorbe o cidadán
e descoñece os seus dereitos natu-
raes.

Nin marxismo nin fascismo; nin dic-
tadura proletaria; nin ditadura bur-
guesa. Democracia política como ex-
presión axeitada a un estado social de
respeito a personalidade human, ao sen-
so da responsabilidade individual, a
actividade creadora perante a cal cada
home poida tallar diariamente i-en
cada hora o senso da súa vida, a sen-
tir a alegría do traballo.

Refusamos a violencia como táctica
política. Non queremos pra os nosos
mozos o destino de seren vítimas ou
asesiños; desexamos encheos de des-
prezo á dinamita i-a pistola como me-
dios de acción política: nin puños pe-
chados nin brazos en outo: a testa er-
gueita, chea de ideas xenerosas máis
fortes que a pólvora pra destruír as
formas revellidas e con forza de crea-
ción dabondo pra alumear novas nor-
mas de convivencia social que apor-
ten melloras positivas ao benestar.

NIN SOCIALISMO NIN CAPITA- LISMO. COOPERATIVISMO

Pódese concebir unha socialización
sin marxismo; sinxelamente pol-a
organización sucesiva e crecedeira de ser-
vicios públicos pra satisfacer necesi-
dades humanas denantes, atendidas en
réxime de empresa privada. Sin que
cada avance particular contradiga a
nosa doutrina, o ritmo ten de axustarse
de tal xeito que se non crebe o
equilibrio entre o volumen do servico
público e o da empresa privada e con-
tínue colectivamente a economía des-
envoléndose principalmente baixo o
estímulo da iniciativa individual.

Opoñémonos de igual xeito á ten-
dencia capitalista a concentrar a di-
rección financeira en poucas máns
permitindo exercer presións eficaces
sobre o traballo ou o pequeno produc-
tor deica conseguir a súa destrucción
económica. Sobre este capitalismo bá-
sase a inxusticia anticristián da vida
económica do noso tempo.

Nin capitalismo nin socialismo: de-
mocracia de pequenos propietarios e
de produtores organizados coope-
rativamente que teñan da actividade
económica un concepto subordinado
ao senso moral dos fins humanos.

PROBLEMA ECONÓMICO

Non é deste lugar facer unha exal-
tación da transformación que o coope-
rativismo podía intentar na vida de
Galicia ou catalogar os problemas
económicos do noso pobo. Abonda
afirmar que a nosa estrutura social
descansa na organización rural e mari-
ñeira. A primeira preocupación do
nosso agrupamento será en todo intre
atender ós fundamentos da vida eco-
nómica do noso pobo.

INTEGRACIÓN AUTONÓMICA

Interpretamos a autonomía, consa-
grada nun estatuto con garantías cons-
titucionaes como dereito a organizar
a regular determinados servicos que
afectan á vida interna dun pobo e a
estimular o proceso da súa cultura
propia sin merma da soberanía do Es-
tado a quen se recoñece a facultade
de definir as atribucións políticas dos

grupos sociais que o integran. Non
permitiremos pois que se nos acume
de separatistas tendo unha posición
totalmente nidia.

A doutrina autonomista non esgota
a súa fecundidade na organización
política da «rexión autónoma», tem de
chegar a vida municipal, o municipio
ten de cheo o dereito a rexir libre-
mente a súa vida económica e a acti-
vidade política sin mais control que o
xudicial, pra defensa dos dereitos dos
particulares, e o do cidadán pol-a
organización do sufraxio e da interven-
ción na vida pública. É mester borrar
o concepto de obrigacións mínimas
que se ten consiñado na nosa legisla-
ción pra sometelo a unha escravitude
que acabou coa estrutura dos núcleos
rurales, coa súa libertade e casi coa
súa existencia, reducindo o concello
a un organismo de mera recaudación e
de execución dos servicos que o Es-
tado lle ordena.

REPUBLICANISMO


Acatamos e defendemos o réxime
repúblicano do Estado hespañol. A hu-
manidade vive horas en que o debat-
universal do problema económico,
toda revolución inda as de propósitos
meramente políticos, teñen conse-
cuencias de transcendencia social.
Por eso condenamos como unha temeridade a dos que intentan un novo
período revolucionario en nome da
monarquía, poñendo en perigo a civi-
lización occidental e cristián. Unha
monarquía susténtase do prestixio his-
tórico e cando non acerta a conserva-
lo i-e substituída por unha democracia
repúblicana non cabe intentar restau-
rala.

CONVIVENCIA NA GALEGUIDADE

Anímanos o espírito da mais ampia
comprensión pra convivir con todolos
partidos galegos e cos seus dirixentes.
A oposición doutrinal non nos fará
perder o respecto aos seus homes,
desexando a todos, mesmo os adver-
sarios, o máximo acerto na elección dos
seus dirixentes, porque na súa hora
levarán a representación de Galicia.

Unha referencia especial ao Partido
Galeguista. Coincidencias fundamen-
taes de orde ideolóxico, afectos parti-
culares pra os seus afiliados, aseguran
non somentes a cordialidade de hoxe,
senon a formación dun soio fronte
sempre que sexa preciso actual na de-
fensa da nosa Terra.

Pontevedra 25 de Maio do 1935.—
José García Vidal, José Lino Sánchez,
Dario Caramés, José Filgueira Valverde,
José Sesto López, José Martínez
Tiscar.



Hai que lles facer xusticia aos
nosos diputadiños.

A verdade é que si non falan no
Parlamento e nin siquiera ván a él
a culpa non é d-éles. E o ambiente.

Si todolos días leemos na pre-
nsa que a Cámara está deserta e que
teñen que se suspender votacións
por falla de deputados, non temos
dereito alles pedir nada aos nosos.

Os probes bastante fán con co-
brar.

O ex-humorista galego Fernán-
dez Florez entre os artigos rebo-
santes de mala intención e anti-re-
públicanos que anda a parir no
xornal dinástico «A B C», abortou
un no que a súa biliosa prosa quixo
facer branco nos homes da Xenerali-
tat e nos seus defensores decindo
que non comprende como a opi-
nión hespañola non se ergueu con-
tra as verbas que procesados e de-
fensores dixeron na vista da causa.
E a este home, saltimbanqui e
aproveitado, déronlle unha conde-
coración repúblicana os que gober-
nan a república eufórica que pade-
cemos...

Unha herexia. Mourlane Miche-
lena dixo que Euxenio Montes é o
Padre Feijóo dos nosos tempos.

Basilio Alvez estase ganando a
pul o a expulsión do partido repú-
blica.

Un día intervéñ airadamente con-
ése proieito de Lei de Prensa que
tan bñ é que ninguén atrevese a
patrocinalo. Outro día firma un
voto particular pedindo a aisolu-
ción dos Conselleiros da Xenerali-
tat. Outro, tén o atrevimento, éste
xá inaudito, da falar na Cámara a
prol do paro obreiro recordando o
ferrocarril Ourense-Zamora.

D. Basilio. O vemos mal. Ou se
contén ou onde non, vai ter que
sair d'ese partido. Si non o votan
antes, pois a disciplina é unha cou-
sa moi seria que D. Ale non tolera
se quebrante.

Apropósito de Euxenio Montes.
Cando comenzaba a escribir decían
d-él os señores graves de calquer
casino vilego que era un rapaz que
prometía. Cando Montes se fixo
repúblicano e socialista, con cuio
carácter prntouse a diputado por
Ourense na eleccións Constituintes,
decían pestes d-él.

Agora que é dereitista, patriotei-
ro e fascista e que escribe no
«Debate» un que é un profundo
escritor, un brillante estilista, un
preclaro fillo de Galicia.

Este interés de de da mostras
un diputado como Sr. Millán,—
cuia aitividade parlamentaria non e
excesiva e cuia elocución a perma-
ñece inédita no salón de sesións—;
este interés, repetimos, en que
se poña en marcha a Escola com-
postelán de xurdo-mu s; non é
un sintoma?

Un sintoma e un egoismo tamén.
Porque o deputado reformista, que
por fora parece novo, aínda que
por dentro é tan revellido coma o
pintoresco do seu xefe, non traba-
lla porque lle teña un amor excesi-
vo a traballar. Pero fura, bule, bus-
ca os corresponsales madrileños de
prensa galega, suda redactando
«bombos», xúntase co Director xe-
ral de Instrucción Pública, abusa
de ser un pouco correlixionario de
Dualde, pra que escomence a funcio-
nar a Escola que «fixo» Montero
Ríos.

¿Pra qu? Non é un misterio. O
señor Millán aspira, pola súa exem-
plar actuación coma diputado, a
obtener, por dereito propio, unha
plaza permanente no Colexio de
Xormudos que él quere, por asegu-
rarse o porvir, botar a andar...

Os deputados galegos, presididos
—¿cómo non?— pol-o señor Am-
brosio, xuntáronse pra facer que
facían algo por Galicia.

E o bombeiro da minoría señor
Millán gaba no «Faro», por este
esfuerzo extraordinario, aos «nosos»
representantes.

A reunión serviu pra demostrar
a Galicia que aínda non morreron
de todo... Menos mal.



—Nós temos moita culpa das cousas que nos pasan.
—¿E porqué?
—Por lle dar o voto aos nosos nemigos que son os da nosa
terra. Pero para outra vez habemos de pensalo millor e votar
polos únicos que nos defenden.

CAFÉ
GALICIA
Cantón Grande
A Cruña

Prelo de LA POPUL —Charino, 7
Pontevedra